


FREGUESÍA DE SANTA MARÍA DE CELA



A fundación, pola Orde Sanxoanista, da igrexa de Sta. María de Cella sitúase na segunda metade do século XII. O seu estilo arquitectónico é románico aínda que se poden apreciar moitas das influencias dos modelos Sanxoanistas.

Sen pararnos a mostrar aspectos arquitectónicos e descritivos da fermosa igrexa, xa amplamente difundidos, queremos presentar un pequeno documento eclesiástico que pode servir para ir completando o coñecemento da nosa parroquia. Este apunte parte dun dos informes da visita pastoral ó Morrazo por parte do representante do arcebispado a finais do século XVIII que nos pode dar unha visión de como era esta freguesía nesta época.